



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGAPE E ENTIDADES COLABORADORAS
PARA A XESTIÓN DE AXUDAS RELATIVAS AO PROGRAMA RE-ACCIONA COVID-19.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director de Area de Competitividade do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

DECLARA:

Que o IGAPE vai convocar para o 2021 o programa Re-acciona COVID19: un programa de axuda que facilite a prestación de servizos modulares de asesoramento especializado a empresas galegas que lles permitan adaptarse ao novo contexto económico. Neste tipo de programas é crucial a colaboración da administración coas entidades prestadoras de servizos para asegurar a calidade da prestación, reducir a barreira de entrada para os solicitantes de axudas, definir con precisión o alcance do asesoramento e facilitar a difusión.

Que, en consecuencia, o IGAPE convocou o procedemento de selección, en réxime de concorrencia competitiva, das entidades colaboradoras que participarán na xestión de subvención e actuarán de ligazón entre o Igape e os beneficiarios das axudas do Programa.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Definir os termos de colaboración entre a entidade colaboradora e o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), de acordo coa Resolución pola que se convoca o procedemento de selección, en réxime de concorrencia competitiva, das entidades colaboradoras que participarán na xestión de subvencións para servizos modulares de asesoramento especializado a empresas galegas (Programa Re-acciona COVID19), susceptible de ser financiada no marco do eixo REACT UE do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia de COVID-19, en adiante denominada “a convocatoria de selección de entidades colaboradoras”

Que ao presentarse á convocatoria, as entidades asinantes asumen unha serie de compromisos que se formalizan mediante este instrumento, en orden á consecución dos obxectivos referidos.

Que o instrumento convencional fundamentase nos compromisos das partes, asumidos por parte do IGAPE coa publicación da convocatoria de selección de entidades colaboradoras, e por parte das entidades colaboradoras ao presentarse a esta convocatoria, da que o instrumento convencional constitúe o modelo Anexo II ás bases de convocatoria.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional baseado neste modelo, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela



ANEXO ENTIDADES ASINANTES DO CONVENIO

- MEDRAR SMART SOLUTIONS, S.L.
- AUDICON
- ARXON ESTRATEGIA, S.L.
- PARADA Y COTELO, S.L.
- CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L.
- ESQUÍO INGENIERÍA, S.L.
- ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN, S.A.
- FORMACOMER GADICOM, S.L
- MAREMAL AGENCIA DE CONSULTORIA EN INNOVACION, SLL
- AXPERIA VENTURES IBERIA, S.L
- DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L.
- INOVALABS DIGITAL, S.L.
- VALORA CONSULTORES DE GESTIÓN, S.L.
- NORQUALITY CONSULTORES, S.L.